

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

CALENDARIO FISCAL 2019.
EXPEDIENTE.- 120/2019

En cumprimento do deber da administración tributaria de poñer a disposición dos contribuíntes a información necesaria para cumprir coas obrigas tributarias e fiscais, recollida no artigo 34 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e unha vez vistos o artigo 62.3 da mesma lei e o artigo 24 do Rd 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, procede fixar coa antelación suficiente os prazos de pagamento do período voluntario de cobranza para os tributos de cobro periódico e de notificación colectiva.

Considerando que por acordo do Comité Directivo na sesión desenvolvida o 5 de xuño de 2019, delegouse na Presidencia do Consorcio a competencia para a aprobación dos calendarios anuais do contribuínte para os tributos e prezos públicos xestionados polo Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.

Vista a Proposta da Xerencia de data 03 de xullo de 2019.

En virtude do anterior, esta Presidencia, en virtude das súas facultades adopta a seguinte RESOLUCIÓN:

1.- Aprobar o Calendario Fiscal do contribuínte para as obrigas tributarias e fiscais pendentes do exercicio 2019, consonte ós prazos sinalados nos cadros que se xuntan, e coas especificacións que a continuación se describen.

2.- Proceder á súa difusión mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Consorcio, así como nos tableiros de anuncios das oficinas dos concellos consorciados, remitindo ademais nota de prensa aos medios de comunicación de maior difusión para xeral coñecemento dos particulares.

ANEXO CALENDARIO FISCAL 2019.

TAXAS E P.P.	DATA INICIO	DATA FIN	DATA CARGO CONTA(1)
3º BIMESTRE 2019	10/08/2019	10/10/2019	09/09/2019
4º BIMESTRE 2018	10/09/2019	10/11/2019	14/10/2019
5º BIMESTRE 2018	10/09/2019	10/11/2019	14/10/2019
4º BIMESTRE 2019	10/10/2019	10/12/2019	11/11/2019
5º BIMESTRE 2019	10/12/2019	10/02/2020	13/01/2020

(1) Dta de cargo en conta para os recibos con orde de domiciliación bancaria (D.B) polo importe total do recibo.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Consorcio de Augas do Louro

Camiño da Veiga s/n (EDAR de Guillarei-Tui), Tui. 36270 (Pontevedra). Tfno. 886609881. Fax: 886609881